

PROMOCIÓN DA EQUIDADE DE XÉNERO

con enfoque de dereitos

27 de xaneiro > 3, 10 e 17 de febreiro
Casa Xohana Torres, Santiago de Compostela de > 16:30 a 20:30




CÓMO CHEGAR



INSCRÍBETE



O número de participantes será de 20 como máximo.
As persoas destinatarias son, preferentemente,
profesorado e persoal docente especializado.
Esta formación está homologada pola
Consellería de Educación.



A ACCP-Galicia (Asemblea de Cooperación pola Paz) propón unha actividade de formación dirixida fundamentalmente a profesorado de educación secundaria para abordar a promoción da equidade de xénero con enfoque de Dereitos. Esta formación está homologada pola Consellería de Educación e enmárcase no proxecto "Elas Deciden", financiado pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea da Xunta de Galicia.

Obxectivos

- Sensibilizar sobre a necesidade de abordar os Dereitos Sexuais e Reprodutivos como integrantes e inherentes aos Dereitos Humanos e para a consecución dos ODS (ODS 5).
- Ofrecer unha información clara, sinxela, directa e específica para evitar - corrixir mitos e crenzas erróneas que xeren rexeitamento e discriminación.
- Fomentar a participación e empoderamento do profesorado participante como multiplicadoras dos Dereitos Sexuais e Reprodutivos.
- Elaborar de maneira participativa novas ferramentas reflexivas para o coñecemento e promoción dos Dereitos da mulleres, nomeadamente Dereitos Sexuais e Reprodutivos.

Metodoloxía

A transferencia de coñecementos pasa, necesariamente, pola creación dun proceso dinámico que Ademais da adquisición de conceptos e contidos, o que se pretende é promover cambios actitudinais polo que se opta por unha metodoloxía activa, baseada no intercambio de ideas e no traballo persoal, creando un clima no que ás persoas participantes lles resulte doado falar das súas propias emocións, opinións e preocupacións.

Ademais dos obxectivos da formación sinalados no apartado anterior, esta formación pretende concienciar e aumentar a reflexión crítica do profesorado para que desenvolvan ferramentas prácticas, capacidades cognitivas e concienciadoras e aprendizaxes significativas para a transformación social positiva partindo do nivel local cara o global valorando o rol do profesorado como axente transformador e, ademais, multiplicador destes cambios.

Ademais, o proceso formativo conta con formatos de seguimento e avaliación para poder realizar un correcto monitoreo das participantes, as súas sensacións e emocións e as súas aprendizaxes. E, a fin de valorar se os obxectivos da formación se cumpriron, realizarase unha enquisa previa e outra posterior á realización da formación.



Contidos

O proxecto "Elas deciden" foi financiado en convocatorias anteriores pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea da Xunta de Galicia no marco do cal se elaborou unha guía didáctica baseada no documental "En deuda con todas".

Esta guía didáctica pretende abordar os Dereitos Sexuais e Reprodutivos cun enfoque de Dereitos e, por iso, tomando como referencia a guía, establécense os contidos da proposta formativa:

- De que falamos cando falamos de...? Achegando e clarificando conceptos.
- Os Dereitos Sexuais e Reprodutivos como Dereitos Humanos.
- Coñecer os Dereitos Sexuais e Reprodutivos para promover a equidade de xénero.
- A sexualidade e os Dereitos Sexuais e Reprodutivos en produtos culturais.
- Poñendo o enfoque de promoción da equidade de xénero no contexto escolar.
- Abordar os Dereitos Sexuais e Reprodutivos nas aulas como parte do currículo escolar.

Estructura da formación e calendario

A formación será presencial coa seguinte distribución: 16 horas presenciais e 4 non presenciais de traballo individual.


- > Xoves 27 de xaneiro
- > Xoves 3 de febreiro
- > Xoves 10 de febreiro
- > Xoves 17 de febreiro
- > O horario será de 16:30 a 20:30

No caso de non poder realizarse a formación de maneira presencial optarase por unha formación en formato síncrono, é dicir, as horas destinadas a presenciais serán por videoconferencia en directo (non por streaming) e as non presenciais manteranse para traballo individual. Con todo, se finalmente se opta por este formato, reconsiderarase a distribución horaria posto que non resulta aconsellábel realizar unha videoconferencia de máis de tres horas.

Prazas e inscrición

As persoas destinatarias son, preferentemente, profesorado e persoal docente especializado.

En xeral, do total de participantes polo menos o 70% deberá ser profesorado que se atope prestando



servizo en centros sostidos con fondos públicos, en relación co total de asistentes á actividade, seguindo a Orde do 14 de maio de 2013 pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro das actividades de formación permanente do profesorado en Galicia.

En canto aos criterios de selección, terán prioridade o profesorado de Educación Secundaria e FP que participe do proxecto de ACPP Galicia "Escolas Sen Racismo" e que teña solicitado a guía didáctica con anterioridade xa que a formación ten a vocación de apoiarse neste material para ofrecer un enfoque máis amplo do traballo en educación a prol da igualdade con enfoque de Dereitos, especialmente cando son temas que poden xerar certas reticencias como os Dereitos Sexuais e Reprodutivos.

O número de participantes será de 20 como máximo.

[Inscríbete aquí>](#)

Entidade formadora

A formación será coordinada por persoal técnico de Asamblea de Cooperación pola Paz en Galicia.

Esta formación será realizada tanto por persoal técnico de ACPP-Galicia como por Atalaia Social, entidade que elaborou a guía didáctica "En deuda con todas" e, por tanto, coñecedoras de primeira man da metodoloxía a desenvolver, as dinámicas propostas así como estratexias de facilitación e xestión de grupos.



Esta formación realízase co apoio financeiro da Xunta de Galicia. O contido de dita formación é responsabilidade exclusiva de Asamblea de Cooperación pola Paz (ACPP) e non reflicte necesariamente a opinión da Xunta de Galicia.

